

[REAL DECRETO 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o

Regulamento dos Servicios de Prevención]

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, veu dar un novo enfoque, xa anunciado no seu preámbulo, á prevención dos riscos laborais, que na nova concepción legal non se limita a un conxunto de deberes de obrigado cumprimento empresarial ou á corrección de situacións de risco xa manifestadas, senón que se integra no conxunto de actividades e decisións da empresa, das que forma parte desde o comezo mesmo do proxecto empresarial.

A nova óptica da prevención artículase así na volta da planificación da mesma a partir da avaliación inicial dos riscos inherentes ao traballo, e a conseguinte adopción das medidas adecuadas á natureza dos riscos detectados.

A necesidade de que tales fases ou aspectos reciban un tratamento específico pola vía normativa axeitada aparece prevista no artigo 6 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, que no que seu apartado 1, parágrafos d) e e), establece que o Goberno procederá á regulación, a través da correspondente norma regulamentaria, dos procedementos de avaliación dos riscos para a saúde dos traballadores e das modalidades de organización, funcionamento e control dos servicios de prevención, así como das capacidades e aptitudes que deben reunir os ditos servicios e os traballadores designados para desenvolveren a actividade preventiva, esixencia esta última xa contida no Directiva 89/391/CEE.

Ao cumprimento do mandato legal responde este Real Decreto, no que son obxecto de tratamento aqueles aspectos que fan posible a prevención dos riscos laborais, desde a súa nova perspectiva, como actividade integrada no conxunto de actuacións da empresa e en todos os niveis xerárquicos da mesma, a partir dunha planificación que inclúa a técnica, a organización e as condicións de traballo, presidido todo iso por iguais principios de eficacia, coordinación e participación que rexen a Lei.

Trátase, por isto, en primeiro termo a avaliación dos riscos, como punto de partida que pode conducir á planificación da actividade preventiva que sexa necesaria, a través dalgunha das modalidades de organización que, seguindo o artigo 31 da Lei, se regulan nesta disposición, en función do tamaño da empresa e dos riscos ou da perigosidade das actividades desenvolvidas nela.

A idoneidade da actividade preventiva que, como resultado da avaliación, teña que adoptar o empresario, queda garantida a través do dobre mecanismo que nesta disposición se regula: dunha banda, a acreditación pola autoridade laboral dos servicios de prevención externos, como forma de garantir a adecuación dos seus medios ás actividades que vaian desenvolver e, doutra, a auditoría ou avaliación externa do sistema de prevención, cando esta actividade a asume o empresario cos seus propios medios.

En relación coas capacidades ou aptitudes necesarias para o desenvolvemento da actividade preventiva, esta disposición parte da necesaria adecuación entre a formación requirida e as funcións que se desenvolven, establecendo a formación mínima precisa para o desempeño das funcións propias da actividade preventiva, que se agrupan en tres niveis: básico, intermedio e superior; neste último dos cales inclúense as especialidades e disciplinas preventivas de medicina do traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial e ergonomía, e psicoloxía aplicada. A inexistencia actual de titulacións académicas ou profesionais correspondentes aos niveis formativos mencionados, agás no que toca á especialidade de medicina do traballo, aparece prevista neste Real Decreto, que establece a posibilidade transitoria de acreditación alternativa da formación esixida, mentres as autoridades competentes en materia educativas non determinen as titulacións correspondentes.

Na súa virtude, a proposta do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, oída a Comisión *Nacional* de Seguridade e Saúde no Traballo, consultadas as organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas, logo de aprobación do Ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e tras deliberación previa do Consello de Ministros na xuntanza do 17 de xaneiro de 1997,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Integración da actividade preventiva.

1. A prevención de riscos laborais, como actuación que desenvolver no seo da empresa, deberase integrar no conxunto das súas actividades e decisións, tanto nos procesos técnico, na organización do traballo e nas condicións en que este se preste, como na liña xerárquica da empresa, incluídos todos os niveis desta.

A integración da prevención en todos os niveis xerárquicos da empresa implica a atribución a todos eles e a asunción por estes da obriga de incluír a prevención de riscos en calquera actividade que realicen ou ordenen e en todas as decisións que adopten.

2. Os traballadores terán dereito a participar, nos termos establecidos no capítulo V da Lei de Prevención dos Riscos Laborais, no deseño, a adopción e o cumprimento das medidas preventivas.

A dita participación inclúe a consulta acerca da avaliación dos riscos e da conseguinte planificación e

organización da actividade preventiva, se é o caso, así como o acceso á documentación correspondente, nos termos sinalados no artigos 33 e 36 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Artigo 2. Acción da empresa en materia de prevención de riesgos.

1. O establecemento dunha acción de prevención de riscos integrada na empresa supón a implantación dun plano de prevención de riscos que inclúa a estrutura organizativa, a definición de funcións, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos necesarios para levar a cabo a dita acción.

2. A posta en práctica de toda acción preventiva require, en primeiro termo, o coñecemento das condicións de cada un dos postos de traballo, para identificar e evitar os riscos e avaliar os que non se poidan evitar.

3. A partir dos resultados da avaliación dos riscos, o empresario planificará a actividade preventiva, a necesidade da cal poña aquela, se é o caso, de manifesto.

4. A actividade preventiva do empresario desenvolverase a través dalgunha das modalidades establecidas no capítulo III deste Real Decreto.

CAPÍTULO II

Avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva

SECCIÓN 1ª. AVALIACIÓN DOS RISCOS

Artigo 3. Definición.

1. A avaliación dos riscos laborais é o proceso dirixido a estimar a magnitude daqueles riscos que non se puidesen evitar, obtendo a información necesario para que o empresario estea en condicións de tomar unha decisión apropiada sobre a necesidade de adoptar medidas preventivas e, en tal caso, sobre o tipo de medidas que se deben adoptar.

Cando da avaliación realizada resulte necesaria a adopción de medidas preventivas, deberanse poñer claramente de manifesto as situacións en que sexa necesario:

- a) Eliminar ou reducir o risco, mediante medidas de prevención na orixe, organizativas, de protección colectiva, de protección individual, ou de formación e información aos

traballadores.

b) Controlar periodicamente as condicións, a organización e os métodos de traballo e o estado de saúde dos traballadores.

2. De acordo co establecido no artigo 33 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, o empresario deberá consultar aos representantes dos traballadores, ou aos propios traballadores en ausencia de representantes, acerca do procedemento de avaliación que se vai utilizar na empresa ou centro de traballo.

Artigo 4. *Contido xeral da avaliación.*

1. A avaliación inicial dos riscos que non se puidesen evitar deberase estender a cada un dos postos de traballo da empresa en que concorran os ditos riscos.

Para isto, teranse en conta:

a) As condicións de traballo existentes ou previstas, tal como quedan definidas no apartado 7 do artigo 4 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

b) A posibilidade de que o traballador que o ocupe ou vaia ocupalo sexa especialmente sensible, polas súas características persoais ou estado biolóxico coñecido, a algunha das ditas condicións.

2. A partir da dita avaliación inicial, deberanse volver avaliar os postos de traballo que se poidan ver afectados por:

a) A elección de equipos de traballo, substancias ou preparados químicos no acondicionamento dos lugares de traballo.

b) O cambio nas condicións de traballo.

c) A incorporación dun traballador con características persoais ou estado biolóxico coñecido que o fagan especialmente sensible ás condicións do posto.

3. A avaliación dos riscos realizarase mediante a intervención de persoal competente, de acordo co disposto no capítulo VI desta norma.

Artigo 5. *Procedemento.*

1. A partir da información obtida sobre a organización, características e complexidade do traballo, sobre as materias primas e os equipos de traballo existentes na empresa e sobre o estado de saúde dos traballadores, procederase á determinación dos elementos perigosos e á identificación dos traballadores expostos a eles, e avaliarase a seguir o risco existente en función de criterios técnicos existentes, ou

consensuados cos traballadores, de xeito que se poida chegar a unha conclusión sobre a necesidade de evitar ou controlar e reducir o risco.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, terase en conta a información recibida dos traballadores sobre os aspectos sinalados.

2. O procedemento de avaliación utilizado deberá proporcionar confianza sobre o seu resultado. En caso de dúbida, deberanse adoptar as medidas preventivas máis favorables, desde o punto de vista da prevención.

A avaliación incluírá a realización das medicións, análises ou ensaios que se consideren necesarios, salvo que se trate de operacións, actividades ou procesos en que a directa apreciación profesional acreditada permita chegar a unha conclusión sen necesidade de recorrer a aqueles, sempre que se cumpra o disposto no parágrafo anterior.

En calquera caso, de existir normativa específica de aplicación, o procedemento de avaliación deberase axustar ás condicións concretas establecidas nela.

3. Cando a avaliación esixa a realización de medicións, análises ou ensaios, e a normativa non indique ou concrete os métodos que se deben empregar, ou cando os criterios de avaliación establecidos na dita normativa deban ser interpretados ou precisados á luz doutros criterios de carácter técnico, poderanse utilizar, de existiren, os métodos ou criterios recollidos en:

- a) Normas UNE.
- b) Guías do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, do Instituto Nacional de Silicose e protocolos e guías do Ministerio de Sanidade e Consumo, así como de institucións competentes das Comunidades Autónomas.
- c) Normas internacionais.
- d) En ausencia dos anteriores, guías doutras entidades de recoñecido prestixio na materia ou outros métodos ou criterios profesionais descritos documentalmente que cumpran o establecido no primeiro parágrafo do apartado 2 deste artigo e proporcionan un nivel de confianza equivalente.

Artigo 6. *Revisión.*

1. A avaliación inicial a que se se refire o artigo 4 deberase revisar cando así o estableza unha disposición específica.

En todo caso, deberase revisar a avaliación correspondente a aqueles postos de traballo afectados cando se detectasen danos á saúde dos traballadores ou se apreciasen a través dos controis periódicos,

incluídos os relativos á vixilancia da saúde, que as actividades de prevención poden ser inadecuadas ou insuficientes. Para isto, teranse en conta os resultados de:

- a) A investigación sobre as causas dos danos para a saúde que se producisen.
- b) As actividades para a redución dos riscos a que se fai referencia no apartado 1.a) do artigo 3.
- c) As actividades para o control dos riscos a que se fai referencia no apartado 1.b) do artigo 3.
- d) A análise da situación epidemiolóxica segundo os datos fornecidos polo sistema de información sanitaria ou outras fontes dispoñibles.

2. Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, deberase revisar igualmente a avaliación inicial coa periodicidade que se acorde entre a empresa e os representantes dos traballadores, tendo en conta, en particular, a deterioración polo transcurso do tempo dos elementos que integran o proceso productivo.

Artigo 7. Documentación.

Na documentación a que fai referencia o parágrafo a) do apartado 1 do artigo 23 da Lei de Prevención de Riscos Laborais deberanse incluír, para cada posto de traballo cunha avaliación que poña de manifesto a necesidade de tomar algunha medida preventiva, os seguintes datos:

- a) A identificación do posto de traballo.
- b) O risco ou riscos existentes e a relación de traballadores afectados.
- c) O resultado da avaliación e as medidas preventivas procedentes, tendo en conta o establecido no artigo 3.
- d) A referencia dos criterios e procedementos de avaliación e dos métodos de medición, análise ou ensaio utilizados, nos casos en que sexa de aplicación o disposto no apartado 3 do artigo 5.

SECCIÓN 2ª. PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA

Artigo 8. Necesidade da planificación.

Cando o resultado da avaliación puxese de manifesto situacións de risco, o empresario planificará a actividade preventiva que proceda con obxecto de eliminar ou controlar e reducir os ditos riscos, conforme a unha orde de prioridades en función da súa magnitude e número de traballadores expostos a estes.

Na planificación desta actividade preventiva terase en conta a existencia, se é o caso, de disposicións legais relativas a riscos específicos, así como os principios de acción preventiva sinalados no artigo 15 da Lei

de Prevención de Riscos Laborais.

Artigo 9. *Contido.*

1. A planificación da actividade preventiva incluírá, en todo caso, os medios humanos e materiais necesarios, así como a asignación dos recursos económicos precisos para a consecución dos obxectivos propostos.

2. Igualmente terán que ser obxecto de integración na planificación da actividade preventiva as medidas de emerxencia e a vixilancia da saúde previstas nos artigo 20 e 22 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, así como a información e formación dos traballadores en materia preventiva e a coordinación de todos estes aspectos.

3. A actividade preventiva deberase planificar para un período determinado, establecendo as fases e prioridades do seu desenvolvemento en función da magnitude dos riscos e do número de traballadores expostos a estes, así como o seu seguimento e control periódico. No caso de que o período en que se desenvolva a actividade preventiva sexa superior a un ano, deberase establecer un programa anual de actividades.

CAPÍTULO III

Organización de recursos para as actividades preventivas

Artigo 10. *Modalidades.*

1. A organización dos recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades preventivas realizaraa o empresario de acordo con algunha das modalidades seguintes:

- a) Asumindo persoalmente tal actividade.
- b) Designando un ou varios traballadores para levala a cabo.
- c) Constituindo un servizo de prevención propio.
- d) Recorrendo a un servizo de prevención alleo.

2. Nos termos previstos no capítulo IV da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, entenderase por servizo de prevención propio o conxunto de medios humanos e materiais da empresa necesarios para a realización das actividades de prevención, e por servizo de prevención alleo o

prestado por unha entidade especializada que concerte coa empresa a realización de actividades de prevención, o asesoramento e apoio que precise en función dos tipos de riscos ou ambas as actuacións conxuntamente.

3. Os servicios de prevención terán carácter interdisciplinario, entendendo como tal a conxunción coordinada de dúas ou máis disciplinas técnicas ou científicas en materia de prevención de riscos laborais.

Artigo 11. *Asunción persoal polo empresario da actividade preventiva.*

1. O empresario poderá desenvolver persoalmente a actividade de prevención, agás as actividades relativas á vixilancia da saúde dos traballadores, cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que se trate de empresa de menos de seis traballadores.
- b) Que as actividades desenvolvidas na empresa non estean incluídas no anexo I.
- c) Que desenvolva de forma habitual a súa actividade profesional no centro de traballo.
- d) Que teña a capacidade correspondente ás funcións preventivas que vai desenvolver, de acordo co establecido no capítulo VI.

2. A vixilancia da saúde dos traballadores, así como aquelas outras actividades preventivas non asumidas persoalmente polo empresario, deberanse cubrir mediante o recurso a algunha das restantes modalidades de organización preventiva establecidas neste capítulo.

Artigo 12. *Designación de traballadores.*

1. O empresario designará un ou varios traballadores para se ocupar da actividade preventiva na empresa.

As actividades preventivas para a realización das cales non resulte suficiente a designación dun ou varios traballadores deberán ser desenvolvidas a través dun ou máis servicios de prevención propios ou alleos.

2. Malia o disposto no apartado anterior, non será obrigatoria a designación de traballadores cando o empresario:

- a) Asumise persoalmente a actividade preventiva de acordo co sinalado no artigo 11.
- b) Recorrese a un servicio de prevención propio.
- c) Recorrese a un servicio de prevención alleo.

Artigo 13. *Capacidade e medios dos traballadores designados.*

1. Para o desenvolvemento da actividade preventiva, os traballadores designados deberán ter a capacidade correspondente ás funcións que se desempeñen, de acordo co establecido no capítulo VI.

2. O número de traballadores designados, así como os medios que o empresario poña á súa disposición e o tempo de que dispoñan para o desempeño da súa actividade, deberán ser os necesarios para desenvolver axeitadamente as súas funcións.

Artigo 14. *Servicio de prevención propio.*

O empresario deberá constituír un servicio de prevención propio cando concorra algún dos seguintes supostos:

- a) Que se trate de empresas que contén con máis de 500 traballadores.
- b) Que, tratándose de empresas de entre 250 e 500 traballadores, desenvolvan algunha das actividades incluídas no anexo I.
- c) Que, tratándose de empresas non incluídas nos apartados anteriores, así o decida a autoridade laboral, logo do informe previo da Inspección de Traballo e Seguridade Social e, se é o caso, dos órganos técnicos en materia preventiva das Comunidades Autónomas, en función da perigosidade da actividade desenvolvida ou da frecuencia ou gravidade da sinistralidade na empresa, salvo que se opte polo concerto cunha entidade especializada allea á empresa de conformidade co disposto no artigo 16 desta disposición.

Tendo en conta as circunstancias existentes, a resolución da autoridade laboral fixará un prazo, non superior a un ano, para que, no caso de que se optase por un servicio de prevención propio, a empresa o constituía no dito prazo. Deica a data sinalada na resolución, as actividades preventivas na empresa deberán ser concertadas cunha entidade especializada allea á empresa, agás aquelas que vaian sendo asumidas progresivamente pola empresa mediante a designación de traballadores, ata a súa plena integración no servicio de prevención que se constituía.

Artigo 15. *Organización e medios dos servicios de prevención propios.*

1. O servicio de prevención propio constituirá unha unidade organizativa específica e os seus integrantes dedicarán de forma exclusiva a súa actividade na empresa á finalidade do mesmo.

2. Os servicios de prevención propios deberán contar coas instalacións e os medios humanos e

materiais necesarios para a realización das actividades preventivas que vaian desenvolver na empresa.

O servizo de prevención terá que contar, como mínimo, con dúas das especialidades ou disciplinas preventivas establecidas no artigo 34 desta disposición, desenvolvidas por expertos coa capacitación requirida para as funcións que se vaian desempeñar, segundo o establecido no capítulo VI. Os ditos expertos actuarán de forma coordinada, en particular en relación coas funcións relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, a identificación e avaliación dos riscos, os planos de prevención e os planos de formación dos traballadores. Así mesmo, terá que contar co persoal necesario que teña a capacitación requirida para desenvolver as funcións dos niveis básico e intermedio previstas no citado capítulo VI.

Sen prexuízo da necesaria coordinación indicada no parágrafo anterior, a actividade sanitaria, que de ser o caso exista, contará para o desenvolvemento da súa función dentro do servizo de prevención coa estrutura e medios axeitados á súa natureza específica e a confidencialidade dos datos médicos persoais, debendo cumprir os requisitos establecidos na normativa sanitaria de aplicación. A dita actividade sanitaria incluírá as funcións específicas recollidas no apartado 3 do artigo 37 desta disposición, as actividades atribuídas pola Lei Xeral de Sanidade, así como aquelas outras que en materia de prevención de riscos laborais lle correspondan en función da súa especialización.

As actividades dos integrantes do servizo de prevención coordinaranse de acordo con protocolos ou outros medios existentes que establezan os obxectivos, os procedementos e as competencias en cada caso.

3. Cando o ámbito de actuación do servizo de prevención se estenda a máis dun centro de traballo, deberase ter en conta a situación dos diversos centros en relación coa localización do servizo, a fin de asegurar a adecuación dos medios do dito servizo aos riscos existentes.

4. As actividades preventivas que non sexan asumidas a través do servizo de prevención propio deberán ser concertadas cun ou máis servizos de prevención alleos.

5. A empresa deberá elaborar anualmente e manter a disposición das autoridades laborais e sanitarias competentes a memoria e programación anual do servizo de prevención a que se refire o parágrafo d) do apartado 2 do artigo 39 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Artigo 16. *Servizos de prevención alleos.*

1. O empresario deberá recorrer a un ou varios servizos de prevención alleos, que colaborarán entre si cando sexa necesario, cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que a designación dun ou varios traballadores sexa insuficiente para a realización da actividade de prevención e non concorran as circunstancias que determinan a obriga de constituír un servizo de

prevención propio.

b) Que no suposto a que se refire o parágrafo c) do artigo 14 non se optase pola constitución dun servizo de prevención propio.

c) Que se producise unha asunción parcial da actividade preventiva nos termos previstos no apartado 2 do artigo 11 e no apartado 4 do artigo 15 desta disposición.

2. De conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 33 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, os representantes dos traballadores deberán ser consultados polo empresario con carácter previo á adopción da decisión de concertar a actividade preventiva cun ou varios servizos de prevención alleos.

Artigo 17. Requisitos das entidades especializadas para poder actuar como servizos de prevención.

Poderán actuar como servizos de prevención as entidades especializadas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Dispoñer da organizacións, instalacións, persoal e equipo necesarios para o desempeño da súa actividade.

b) Constituír unha garantía que cubra a súa eventual responsabilidade.

c) Non manter coas empresas concertadas vinculacións comerciais, financeiras ou de calquera outro tipo, distintas ás propias da súa actuación como servizo de prevención, que poidan afectar á súa independencia e influír no resultado das súas actividades, sen prexuízo do disposto no artigo 22.

d) Obter a aprobación da Administración sanitaria, en canto aos aspectos de carácter sanitario.

e) Ser obxecto de acreditación pola Administración laboral.

Artigo 18. Recursos materiais e humanos das entidades especializadas que actúen como servizos de prevención.

1. As entidades especializadas que actúen como servizos de prevención deberán contar coas instalacións e os recursos materiais e humanos que lles permitan desenvolver axeitadamente a actividade preventiva que concertasen, tendo en conta o tipo, extensión e frecuencia dos servizos preventivos que deben prestar e a localización dos centros de traballo nos que a dita prestación teña que se desenvolver.

2. En todo caso, as ditas entidades deberán dispoñer, como mínimo, dos medios seguintes:

a) Persoal que conte coa cualificación necesaria para o desempeño das funcións de nivel superior, de acordo co establecido no capítulo VI, en número non inferior a un experto por cada unha das

especialidades ou disciplinas preventivas de Medicina do Traballo, Seguridade no Traballo, Hixiene Industrial, e Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada. Así mesmo, deberán contar co persoal necesario que teña a capacidade requirida para desenvolver as funcións dos niveis básico e intermedio previstas no capítulo VI, en función das características das empresas cubertas polo servizo.

Os expertos nas especialidades mencionadas actuarán de forma coordinada, en particular en relación coas funcións relativas ao deseño preventivo dos postos de traballo, a identificación e avaliación dos riscos, os planos de prevención e os planos de formación dos traballadores.

b) As instalacións e instrumentación necesarias para realizar as probas, recoñecementos, medicións, análises e avaliacións habituais na práctica das especialidades citadas, así como para o desenvolvemento das actividades formativas e divulgativas básicas.

3. Sen prexuízo da necesaria coordinación indicada no apartado 2 deste artigo, a actividade sanitaria contará para o desenvolvemento da súa función dentro do servizo de prevención coa estrutura e medios axeitados á súa natureza específica e a confidencialidade dos datos médicos persoais.

4. A autoridade laboral, logo de informe previo, se é o caso, da sanitaria en canto aos aspectos de carácter sanitario, poderá eximir do cumprimento dalgunha das condicións sinaladas aos servizos de prevención no apartado 2.a), a pedimento destes, en función do tipo de empresas a que se estende o seu ámbito e dos riscos existentes nelas, sempre que quede suficientemente garantida a súa actuación interdisciplinar en relación coas ditas empresas.

Artigo 19. Funcións das entidades especializadas que actúen como servizos de prevención.

As entidades especializadas que actúen como servizos de prevención deberán asumir directamente o desenvolvemento das funcións sinaladas no apartado 3 do artigo 31 da Lei de Prevención de Riscos Laborais que concertasen, tendo presente a integración da prevención no conxunto de actividades da empresa e en todos os niveis xerárquicos desta, sen prexuízo de que poida subcontratar os servizos doutros profesionais ou entidades cando sexa necesario para a realización de actividades que requiran coñecementos especiais ou instalacións de gran complexidade.

Artigo 20. Concerto da actividade preventiva.

1. Cando o empresario opte por desenvolver a actividade preventiva a través dun ou varios servizos de prevención alleos á empresa, deberá concertar por escrito a prestación, debéndose consignar, como

mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Identificación da entidade especializada que actúa como servizo de prevención alieo á empresa.
- b) Identificación da empresa destinataria da actividade, así como dos centros de traballo desta aos que a dita actividade se contrae.
- c) Aspectos da actividade preventiva que se vaia desenvolver na empresa, especificando as actuacións concretas, así como os medios para levalas a cabo.
- d) Actividade de vixilancia da saúde dos traballadores, se é o caso.
- e) Duración do concerto.
- f) Condicións económicas do concerto.

2. As entidades especializadas que actúen como servizos de prevención deberán manter a disposición das autoridades laborais e sanitarias competentes unha memoria anual na que incluírán de forma separada as empresas o centros de traballo aos que se prestou servizos durante o dito período, indicando en cada caso a natureza destes.

Igualmente, deberán facilitarlles ás empresas para as que actúen como servizos de prevención a memoria e a programación anual a que se refire o apartado 2.d) do artigo 39 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, a fin de que poida ser coñecida polo Comité de Seguridade e Saúde nos termos establecidos no artigo citado.

Artigo 21. *Servizos de prevención mancomunados.*

1. Poderanse constituír servizos de prevención mancomunados entre aquelas empresas que desenvolvan simultaneamente actividades nun mesmo centro de traballo, edificio ou centro comercial, sempre que quede garantida a operatividade e eficacia do servizo nos termos establecidos no apartado 3 do artigo 15 desta disposición.

Por negociación colectiva ou mediante os acordos a que se refire o artigo 83, apartado 3, do Estatuto dos Traballadores, ou, no seu defecto, por decisión das empresas afectadas, poderase acordar, igualmente, a constitución de servizos de prevención mancomunados entre aquelas empresas pertencentes a un mesmo sector productivo ou grupo empresarial ou que desenvolvan as súas actividades nun polígono industrial ou área xeográfica limitada.

2. No acordo de constitución do servizo mancomunado, que se deberá adoptar logo de consulta previa aos representantes legais dos traballadores de cada unha das empresas afectadas nos termos establecidos no artigo 33 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, deberán constar expresamente as

condicións mínimas en que tal servicio de prevención se debe desenvolver.

3. Os ditos servicios, teñan ou non personalidade xurídica diferenciada, terán a consideración de servicios propios das empresas que os constitúan e terán que contar cos medios esixidos para aqueles, os requisitos restantes dos cales seranlle, así mesmo, de aplicación.

4. A actividade preventiva dos servicios mancomunados limitarase ás empresas participantes.

5. O servicio de prevención mancomunado deberá ter a disposición da autoridade laboral a información relativa ás empresas que o constitúen e ao grao de participación destas.

Artigo 22. Actuación das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social como servicios de prevención.

A actuación das Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social como servicios de prevención desenvolverase nas mesmas condicións que as aplicables aos servicios de prevención alleos, tendo en conta as prescricións contidas ao respecto na normativa específica aplicable ás ditas entidades.

CAPÍTULO IV

Acreditación de entidades especializadas como servicios de prevención alleos ás empresas

Artigo 23. Solicitud de acreditación.

As entidades especializadas que pretendan ser acreditadas como servicios de prevención deberán formular solicitud perante a autoridade laboral competente do lugar en que radiquen as súas instalacións principais, acompañando ao seu pedimento un proxecto en que se fagan contar os seguintes aspectos:

- a) Aspectos da actividade preventiva que pretende efectuar, especificando os tipos de actividade que teñen capacidade de desenvolver.
- b) Ámbito territorial e de actividade profesional nos que pretende actuar, así como previsión do número de empresas e volume de traballadores nos que ten capacidade para estender a súa actividade preventiva.
- c) Previsións de dotación de persoal para o desempeño da actividade preventiva, con indicación da súa cualificación profesional e dedicación, así como das instalacións e medios instrumentais e da súa

respectiva localización.

- d) Compromiso de subscribir unha póliza de seguro que cubra a súa responsabilidade, por unha contía mínima de 200 millóns de pesetas, anualmente actualizada en función da evolución do índice de prezo ao consumo (IPC), sen que a dita contía constitúa o límite da responsabilidade do servizo.
- e) Actividades especializadas que, se é o caso, ten previsto contratar con outras entidades.

Artigo 24. *Autoridade competente.*

1. Será autoridade laboral competente para saber das solicitudes de acreditación formuladas polas entidades especializadas que pretendan actuar como servizos de prevención o órgano competente da Comunidade Autónoma que recibise o correspondente traspaso de servizos ou, no seu defecto, a Dirección Provincial de Traballo e Asuntos Sociais da provincia en que radiquen as súas instalacións principais.

2. A acreditación outorgada terá validez para todo o ámbito do estado, de acordo cos criterios de coordinación establecidos pola Comisión *Nacional* de Seguridade e Saúde no Traballo.

Artigo 25. *Aprobación provisional.*

1. Recibidos a solicitude e mais o proxecto sinalados no artigo 23, a autoridade laboral remitiralle copia á autoridade sanitaria competente do lugar en que radiquen as instalacións principais da entidade especializada, para os fins previstos no apartado 5 do artigo 31 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. A dita autoridade sanitaria comunicarlle á autoridade laboral a súa decisión acerca da aprobación do proxecto no tocante aos requisitos de carácter sanitario.

2. Ao mesmo tempo, solicitará informe dos órganos técnicos en materia preventiva das Comunidades Autónomas ou, se é o caso, do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, así como aquel outros que considere necesarios acerca dos aspectos non establecidos no apartado anterior.

3. A autoridade laboral, en vista da decisión da autoridade sanitaria e dos informes emitidos, dictará resolución no prazo de tres meses, contados desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano administrativo competente, autorizando provisionalmente ou denegando a solicitude formulada. Transcorrido o dito prazo sen que se dictase resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

4. A resolución prevista no apartado anterior que autorice provisionalmente terá carácter definitivo cando a entidade especializada, ao tempo de formular a solicitude, acredite a efectiva realización do proxecto, nos termos sinalados no artigo seguinte.

5. Contra a resolución expresa ou presunta da autoridade laboral poderase interpoñer recurso ordinario no prazo dun mes perante o órgano superior xerárquico correspondente.

Artigo 26. *Acreditación.*

1. A eficacia da resolución estimatoria da autoridade laboral quedará subordinada á efectiva realización do proxecto por parte da entidade solicitante.

Para tal fin, a dita entidade deberalle comunicar a realización do proxecto á autoridade laboral no prazo de tres meses, contados a partir da data de notificación da resolución estimatoria, con indicación dos seguintes datos e documentos:

- a) Número de identificación fiscal e código de conta de cotización á Seguridade Social.
- b) Contratos do persoal, con indicación da súa duración, cualificación profesional e dedicación.
- c) Situación das súas instalacións, así como dos medios instrumentais.
- d) Póliza de seguro contratada.
- e) Contratos ou acordos establecidos, se é o caso, con outras entidades para a realización de determinados tipos de actividades especializadas.

2. Transcorrido o prazo de tres meses sen que a entidade lle comunicase á autoridade laboral a realización do proxecto, a autorización provisional entenderase caducada.

3. Recibida a comunicación relativa á realización do proxecto, a autoridade laboral remitiralle copia á autoridade sanitaria competente, á Inspección de Traballo e Seguridade Social, aos órganos técnicos en materia preventiva das Comunidades Autónomas e a aqueloutros que emitisen informe, para efectos de comprobación da concurrencia dos requisitos previstos no proxecto.

Cando as entidades solicitantes contén con instalacións ou medios situados en máis dunha provincia ou Comunidade Autónoma, a autoridade laboral competente para resolver solicitará os informes referidos no parágrafo anterior a través das respectivas autoridades competentes das ditas provincias ou Comunidades Autónomas.

4. A autoridade laboral, en vista da decisión da autoridade sanitaria e dos informes emitidos, dictará resolución ratificando ou rectificando a autorización provisional no prazo de tres meses, contados desde a comunicación relativa á realización do proxecto. O dito prazo ampliarase a tres meses no suposto previsto no parágrafo segundo do apartado anterior.

Transcorridos os ditos prazos sen que houberse resolución expresa, entenderase ratificada a autorización provisional.

Contra a resolución expresa ou presunta da autoridade laboral, caberá a interposición do recurso previsto no apartado 5 do artigo anterior.

5. As entidades especializadas poderán desenvolver a súa actividade como servizo de prevención, ao que se obteña a acreditación mediante a ratificación da autorización provisional.

Artigo 27. Mantemento das condicións de acreditación.

1. As entidades especializadas deberán manter as condicións en que se baseou a súa acreditación como servizos de prevención. Calquera modificación destas seralle comunicada á autoridade laboral que a concedeu.

2. As autoridades laboral e sanitaria poderán verificar, no ámbito das súas competencias, o cumprimento das condicións esixibles para o desenvolvemento das actividades do servizo, comunicándolle á autoridade laboral que concedeu a acreditación as deficiencias detectadas con motivo de tales verificacións.

3. Se como resultado das comprobacións efectuadas, ben directamente, ben a través das comunicacións sinaladas no apartado anterior, a autoridade laboral que concedeu a acreditación comprobouse o incumprimento de requisitos que determinaron aquela, poderá extinguir a acreditación outorgada.

Artigo 28. Rexistro.

1. Nos órganos competentes das Comunidades Autónomas, que recibisen os correspondentes traspasos de servizos, ou, no seu defecto, da Administración Xeral do Estado, crearase un rexistro no que serán inscritas as entidades especializadas que fosen autorizadas como servizos de prevención, así como as persoas ou entidades especializadas ás que se concedese autorización para efectuar auditorías ou avaliacións dos sistemas de prevención de conformidade co establecido no capítulo V desta disposición.

Os órganos a que se refire o parágrafo anterior enviaranlle á Dirección Xeral de Traballo e Migracións do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, no prazo de oito días hábiles, copia de todo asento practicado nos seus respectivos rexistros.

Os rexistros das Administracións competentes na materia estarán intercomunicados para poder dispoñer de toda a información que conteñen.

2. De se efectuar tratamento automatizado de datos de saúde ou doutro tipo de datos persoais, deberase facer conforme á Lei Orgánica 5/1992, do 29 de outubro.

CAPÍTULO V

Auditorías

Artigo 29. Ámbito de aplicación.

1. As auditorías ou avaliacións externas serán obrigatorias nos termos establecidos neste capítulo cando, como consecuencia da avaliación dos riscos, as empresas teñan que desenvolver actividades preventivas para evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.

2. As empresas que non concertasen o servizo de prevención cunha entidade especializada deberán someter o seu sistema de prevención ao control dunha auditoría ou avaliación externa.

A dita auditoría deberá ser repetida cada cinco anos, ou cando así o requira a autoridade laboral, logo de informe previo da Inspección de Traballo e Seguridade Social e, se é o caso, dos órganos técnicos en materia preventiva das Comunidades Autónomas, en vista dos datos de sinistralidade ou doutras circunstancias que poñan de manifesto a necesidade de revisar os resultados da última auditoría.

3. Para os efectos previstos no apartado anterior, as empresas de ata seis traballadores con actividades que non estean incluídas no anexo I, nas que o empresario asumise persoalmente as funcións de prevención ou designase un ou máis traballadores para levalas a cabo e nas que a eficacia do sistema preventivo resulte evidente sen necesidade de recorrer a unha auditoría polo limitado número de traballadores e a escasa complexidade das actividades preventivas, considerarase que cumpriron a obriga da auditoría cando redacten e remitan á autoridade laboral unha notificación sobre a concorrencia das condicións que non fan necesario recorrer á mesma segundo modelo establecido no anexo II, e a autoridade laboral non aplicase o previsto no apartado 4 deste artigo.

A autoridade laboral rexistrará e ordenará segundo as actividades das empresas as súas notificacións e facilitará unha información globalizada sobre as empresas afectadas aos órganos de participación institucional en materia de seguridade e saúde.

4. Tendo en conta a notificación prevista no apartado anterior, a documentación establecida no artigo 7 e a situación individualizada da empresa, en vista dos datos de sinistralidade da empresa ou do sector, de informacións ou doutras circunstancias que poñan de manifesto a perigosidade das actividades desenvolvidas ou a inadecuación do sistema de prevención, a autoridade laboral, logo de informe previo da Inspección de Traballo e Seguridade Social e, se é o caso, dos órganos técnicos en materia preventiva das Comunidades Autónomas, poderá requirir a realización dunha auditoría ás empresas referidas no citado apartado, de

conformidade co disposto no apartado 2.

Artigo 30. *Concepto e obxectivos.*

A auditoría, como instrumento de xestión que debe incluír unha avaliación sistemática, documentada e obxectiva da eficacia do sistema de prevención, deberá ser realizada de acordo coas normas técnicas establecidas ou que se poidan establecer e tendo en conta a información recibida dos traballadores, e terá como obxectivos:

- a) Comprobar como se realizou a avaliación inicial e periódica dos riscos, analizar os seus resultados e verificalos, en caso de dúbida.
- b) Comprobar que o tipo e planificación das actividades preventivas se axusta ao disposto na normativa xeral, así como á normativa sobre riscos específicos que sexa de aplicación, tendo en conta os resultados da avaliación.
- c) Analizar a adecuación entre os procedementos e medios requiridos para realizar as actividades preventivas mencionadas no parágrafo anterior e os recursos de que dispón o empresario, propios ou concertados, tendo en conta, ademais, o xeito en que están organizados ou coordinados, se é o caso.

Artigo 31. *Documentación.*

Os resultados da auditoría deberanse plasmar nun informe que a empresa auditada deberá manter a disposición da autoridade laboral competente e dos representantes dos traballadores.

Artigo 32. *Requisitos.*

1. A auditoría deberá ser realizada por persoas físicas ou xurídicas que posúan, ademais, un coñecemento suficiente das materias e aspectos técnicos obxecto da mesma e contén cos medios adecuados para isto.

2. As persoas físicas ou xurídicas que realicen a auditoría do sistema de prevención dunha empresa non poderán manter coa mesma vinculacións comerciais, financeiras ou de calquera outro tipo, distintas ás propias da súa actuación como auditoras, que poidan afectar á súa independencia ou influír no resultado das súas actividades.

Do mesmo xeito, tales persoas non poderán realizar para a mesma ou distinta empresa actividades en

calidade de entidade especializada para actuar como servizo de prevención, nin manter con estas últimas vinculacións comerciais, financeiras ou de calquera outro tipo distintas das que concerte a propia auditora como empresa para desenvolver as actividades de prevención no seo da mesma.

3. Cando a complexidade das verificacións que se vaian realizar o faga necesario, as persoas ou entidades encargadas de levar a cabo a auditoría poderá recorrer a outros profesionais que contén cos coñecementos, medios e instalacións necesarios para a realización daquelas.

Artigo 33. *Autorización.*

1. As persoas ou entidades especializadas que pretendan desenvolver a actividade de auditoría do sistema de prevención terán que contar coa autorización da autoridade laboral competente do lugar en que radiquen as súas instalacións principais, logo de solicitude previa perante esta, na que se farán constar as previsións sinaladas no parágrafo c) do artigo 23.

2. A autoridade laboral, logo dos informes previos que considere oportunos, dictará resolución autorizando ou denegando a solicitude formulada no prazo de tres meses, contados desde a entrada da solicitude no Rexistro do órgano administrativo competente. Transcorrido o dito prazo sen que se se emitise resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución estimatoria da autoridade laboral terá carácter provisional, quedando subordinada a súa eficacia á autorización definitiva, tras acreditación previa do cumprimento das previsións sinaladas no apartado 1.

3. Serán de aplicación á autorización o procedemento establecido para a acreditación no artigo 26 desta disposición e o previsto no artigo 27 en relación co mantemento das condicións de autorización e a extinción, se é o caso, das autorizacións outorgadas.

CAPÍTULO VI

Funcións e niveis de cualificación

Artigo 34. *Clasificación e niveis de cualificación.*

Para efectos de determinación das capacidades e aptitudes necesarias para a avaliación dos riscos e o desenvolvemento da actividade preventiva, as funcións que realizar clasifícanse nos seguintes grupos:

- a) Funcións de nivel básico.
- b) Funcións de nivel intermedio.
- c) Funcións de nivel superior, correspondentes ás especialidades e disciplinas preventivas de medicina do traballo, seguridade no traballo, hixiene industrial, e ergonomía e psicocioloxía aplicada.

As funcións que se recollen nos artigos seguintes serán as que orienten os distintos proxectos e programas formativos desenvolvidos para cada nivel.

Estes proxectos e programas deberanse axustar aos criterios xerais e aos contidos formativos mínimos que se establecen para cada nivel nos anexos III a VI.

Artigo 35. *Funcións de nivel básico.*

1. Integran o nivel básico da actividade preventiva as funcións seguintes:

- a) Promover os comportamentos seguros e a correcta utilización dos equipos de traballo e protección, e fomentar o interese e cooperación dos traballadores na acción preventiva.
- b) Promover, en particular, as actuacións preventivas básicas, tales como a orde, a limpeza, a sinalización e o mantemento xeral, e efectuar o seu seguimento e control.
- c) Realizar avaliacións elementais de riscos e, se é o caso, establecer medidas preventivas do mesmo carácter compatibles co seu grao de formación.
- d) Colaborar na avaliación e o control dos riscos xerais e específicos da empresa, efectuando visitas para o efecto, atención a queixas e suxestións, rexistro de datos, e cantas funcións análogas sexan necesarias.
- e) Actuar en caso de emerxencia e primeiros auxilios xestionando as primeiras intervencións para o efecto.
- f) Cooperar cos servizos de prevención, se é o caso.

2. Para desempeñar as funcións referidas no apartado anterior, será preciso:

- a) Posuír unha formación mínima co contido especificado no programa a que se refire o anexo IV e o desenvolvemento do cal terá unha duración non inferior a 50 horas, no caso de empresas que desenvolvan algunha das actividades incluídas no anexo I, ou de 30 horas nos demais casos, e unha distribución horaria axeitada a cada proxecto formativo, respectando a establecida nos apartados 1 e 2, respectivamente, do anexo IV citado, ou
- b) Posuír unha formación profesional ou académica que capacite para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ou similares ás que precisan as actividades sinaladas no apartado anterior,

ou

c) Acreditar unha experiencia non inferior a dous anos nunha empresa, institución ou Administración pública que leve consigo o desempeño de niveis profesionais de responsabilidade equivalentes ou similares aos que precisan as actividades sinaladas no apartado anterior.

Nos supostos establecidos nos parágrafos b) e c), os niveis de cualificación preexistentes deberán ser mellorados progresivamente, no caso de que as actividades preventivas que se vaian realizar o fixesen necesario, mediante unha acción formativa de nivel básico no marco da formación continua.

3. A formación continua prevista no parágrafo a) do apartado anterior acreditarase mediante certificación de formación específica en materia de prevención de riscos laborais, emitida por un servizo de prevención ou por unha entidade pública ou privada con capacidade para desenvolver actividades formativas específicas nesta materia.

Artigo 36. *Funcións de nivel intermedio.*

1. As funcións correspondentes ao nivel intermedio son as seguintes:

- a) Promover, con carácter xeral, a prevención na empresa.
- b) Realizar avaliacións de riscos, agás as especificamente reservadas ao nivel superior.
- c) Propoñer medidas para o control e redución dos riscos ou formular a necesidade de recorrer ao nivel superior, en vista dos resultados da avaliación.
- d) Realizar actividades de información e formación básica de traballadores.
- e) Vixiar o cumprimento do programa de control e redución de riscos e efectuar persoalmente as actividades de control das condicións de traballo que teña asignadas.
- f) Participar na planificación da actividade preventiva e dirixir as actuacións que se desenvolvan en casos de emerxencia e primeiros auxilios.
- g) Colaborar cos servizos de prevención, se é o caso.
- h) Calquera outra función asignada como auxiliar, complementaria ou de colaboración do nivel superior.

2. Para desempeñar as funcións referidas no apartado anterior, será preciso posuír unha formación mínima co contido especificado no programa a que se refire o anexo V, o desenvolvemento do cal terá unha duración non inferior a 300 horas e unha distribución horaria axeitada a cada proxecto formativo, respectando a establecida no anexo citado.

Artigo 37. *Funcións de nivel superior.*

1. As funcións correspondentes ao nivel superior son as seguintes:

a) As funcións sinaladas no apartado 1 do artigo anterior, agás a indicada no parágrafo h).

b) A realización daquelas avaliacións de riscos cun desenvolvemento que esixa:

1º. O establecemento dunha estratexia de medición para asegurar que os resultados obtidos caracterizan efectivamente a situación que se avalía, ou

2º. Unha interpretación ou aplicación non mecánica dos criterios de avaliación.

c) A formación e información de carácter xeral, a todos os niveis, e nas materias propias da súa área de especialización.

d) A planificación da acción preventiva que se vaia desenvolver nas situacións en que o control ou redución dos riscos supón a realización de actividades diferentes, que implican a intervención de distintos especialistas.

e) A vixilancia e control da saúde dos traballadores nos termos sinalados no apartado 3 deste artigo.

2. Para desempeñar as funcións relacionadas no apartado anterior será preciso contar cunha titulación universitaria e posuír unha formación mínima co contido especificado no programa a que se refire o anexo VI, o desenvolvemento do cal terá unha duración non inferior a 600 horas e unha distribución horaria axeitada a cada proxecto formativo, respectando a establecida no anexo citado.

3. As funcións de vixilancia e control da saúde dos traballadores sinaladas no parágrafo e) do apartado 1 serán desempeñadas por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada de acordo coa normativa vixente e a co establecido nos parágrafos seguintes:

a) Os servizos de prevención que desenvolvan funcións de vixilancia e control da saúde dos traballadores deberán contar cun médico especialista en Medicina do Traballo ou diplomado en Medicina de Empresa e un ATS/DUE de empresa, sen prexuízo da participación doutros profesionais sanitarios con competencia técnica, formación e capacidade acreditada.

b) En materia de vixilancia da saúde, a actividade sanitaria deberá abranguer, nas condicións fixadas polo artigo 22 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais:

1º. Unha avaliación da saúde dos traballadores inicial despois da incorporación ao traballo ou despois da asignación de tarefas específicas con novos riscos para a saúde.

2º. Unha avaliación da saúde dos traballadores que volvan ao traballo tras unha ausencia prolongada por motivos de saúde, coa finalidade de descubrir as súas eventuais orixes profesionais e recomendar unha acción apropiada para protexer os traballadores.

3º. Unha vixilancia da saúde a intervalos periódicos.

c) A vixilancia da saúde estará sometida a protocolos específicos ou outros medios existentes con respecto aos factores de risco a que estea exposto o traballador. O Ministerio de Sanidade e Consumo e as Comunidades Autónomas, oídas as sociedades científicas competentes, e de acordo co establecido na Lei Xeral de Sanidade en materia de participación dos axentes sociais, establecerán a periodicidade e contidos específicos de cada caso.

Os exames de saúde incluirán, en todo caso, unha historia clínico-laboral, na que, ademais dos datos de anamnese, exploración clínica e control biolóxico e estudos complementarios en función dos riscos inherentes ao traballo, se fará constar unha descrición detallada do posto de traballo, o tempo de permanencia neste, os riscos detectados na análise das condicións de traballo, e as medidas de prevención adoptadas.

Deberá constar igualmente, no caso de se dispoñer diso, unha descrición dos anteriores postos de traballo, riscos presentes nos mesmos e tempo de permanencia para cada un deles.

d) O persoal sanitario do servizo de prevención deberá coñecer as enfermidades que se produzan entre os traballadores e mais as ausencias do traballo por motivos de saúde, para os únicos efectos de poder identificar calquera relación entre a causa de enfermidade ou de ausencia e os riscos para a saúde que se poidan presentar nos lugares de traballo.

e) Nos supostos en que a natureza dos riscos inherentes ao traballo o faga necesario, o dereito dos traballadores á vixilancia periódica do seu estado de saúde deberá ser prolongado máis alá do remate da relación laboral a través do Sistema Nacional de Saúde.

f) O persoal sanitario do servizo deberá analizar os resultados da vixilancia da saúde dos traballadores e a avaliación dos riscos, con criterios epidemiolóxicos, e colaborará co resto dos compoñentes do servizo, a fin de investigar e analizar as posibles relacións entre a exposición aos riscos profesionais e os prexuízos para a saúde de propoñer medidas encamiñadas a mellorar as condicións e ambiente de traballo.

g) O persoal sanitario do servizo de prevención estudiará e avaliará, especialmente, os riscos que poidan afectar ás traballadoras en situación de embarazo ou parto recente, aos menores e aos traballadores especialmente sensibles a determinados riscos, e propoñerá as medidas preventivas axeitadas.

h) O persoal sanitario do servizo de prevención que, se é o caso, exista no centro de traballo deberá proporcionar os primeiros auxilios e a atención de urxencia aos traballadores vítimas de accidentes ou alteracións no lugar de traballo.

CAPÍTULO VII

Colaboración dos servicios de prevención co Sistema Nacional de Saúde

Artigo 38. Colaboración co Sistema Nacional de Saúde.

1. De acordo co establecido no artigo 10 da Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais, e o artigo 21 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, o servicio de prevención colaborará cos servicios de atención primaria de saúde e de asistencia sanitaria especializada para o diagnóstico, tratamento e rehabilitación de enfermidades relacionadas co traballo, e coas Administracións sanitarias competentes na actividade de saúde laboral que se planifique, sendo as unidades responsables de saúde pública da Área de Saúde, que define a Lei Xeral de Sanidade, as competentes para a coordinación entre os servicios de prevención que actúen nesa Área e o sistema sanitario. Esta coordinación será desenvolvida polas Comunidades Autónomas no ámbito das súas competencias.

2. O servicio de prevención colaborará nas campañas sanitarias e epidemiolóxicas organizadas polas Administracións públicas competentes en materia sanitaria.

Artigo 39. Información sanitaria.

1. O servicio de prevención colaborará coas autoridades sanitarias para prover o Sistema de Información Sanitaria en Saúde Laboral. O conxunto mínimo de datos do dito sistema de información establecerao o Ministerio de Sanidade e Consumo, logo de acordo previo cos órganos competentes das Comunidades Autónomas, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. As Comunidades Autónomas no ámbito das súas respectivas competencias poderán desenvolver o citado sistema de información sanitaria.

2. O persoal sanitario do servicio de prevención realizará a vixilancia epidemiolóxica, efectuando as accións necesarias para o mantemento do Sistema de Información Sanitaria en Saúde Laboral no seu ámbito de actuación.

3. De se efectuar tratamento automatizado de datos de saúde ou doutro tipo de datos persoais, deberase facer conforme á Lei Orgánica 5/1992, do 29 de outubro.

Disposición adicional primeira. *Carácter básico.*

1. Este Regulamento constitúe lexislación laboral, dictada ao abeiro do artigo 149.1.7ª da Constitución.

2. Respecto do persoal civil con relación de carácter administrativo ou estatutario ao servizo das Administracións públicas, este Regulamento será de aplicación nos seguintes termos:

a) Os artigos que a seguir se relacionan constitúen normas básicas no sentido establecido no artigo 149.1.18ª da Constitución: 1, apartados 1 e 2, agás a referencia ao capítulo V da Lei de Prevención de Riscos Laborais; 2, apartados 1, 2, 3 e 4, agás a referencia ao capítulo III; 3; 4, apartados 1, 2 e 3, agás a referencia ao capítulo VI; 5; 6; 7; 8; 9; 10; 12, apartados 1 e 2, agás o parágrafo a); 13, apartados 1, agás a referencia ao capítulo VI, e 2; 15, apartados 1, 2, parágrafo primeiro, 3 e 4; 16, apartado 2; 20, apartado 1.

b) No ámbito das Comunidades Autónomas e as entidades locais, as funcións que o Regulamento atribúelles ás autoridades laborais e á Inspección de Traballo e Seguridade Social poderán ser atribuídas a órganos diferentes.

Disposición adicional segunda. *Integración nos servizos de prevención.*

De conformidade co establecido no parágrafo d) da disposición derogatoria única da Lei de Prevención de Riscos Laborais, o persoal pertencente aos servizos médicos de empresa na data de entrada en vigor da dita Lei integrarase nos servizos de prevención das correspondentes empresas, cando estes se constituán, sen prexuízo de que continúen efectuando aquelas funcións que tivesen atribuídas, distintas das propias do servizo de prevención.

Disposición adicional terceira. *Mantemento da actividade preventiva.*

1. A aplicación deste Real Decreto non afectará á continuación da actividade sanitaria que se veu desenvolvendo nas empresas ao abeiro das normas reguladoras dos servizos médicos de empresa que se derrogan e das súas disposicións de aplicación e desenvolvemento, aínda que as ditas empresas non constituán servizos de prevención.

2. Tampouco non afectará a aplicación deste Real Decreto ao mantemento da actividade preventiva

desenvolvida polos servicios de seguridade e hixiene no traballo existentes nas empresas na data de publicación da Lei de Prevención de Riscos Laborais, mesmo cando non concorran as circunstancias previstas no seu artigo 14.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación ás Administracións públicas.*

1. No ámbito das Administracións públicas, a organización dos recursos necesarios para o desenvolvemento das actividades preventivas e a definición que as funcións e niveis de cualificación do persoal que as leve a cabo realizárase nos termos que se regulen na normativa específica que para o efecto se dicte, de conformidade co disposto no artigo 31, apartado 1, e na disposición adicional terceira da Lei de Prevención de Riscos Laborais, e na disposición adicional primeira deste Regulamento, logo de consulta coas organizacións sindicais máis representativas, nos termos sinalados na Lei 7/1990, do 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos.

En defecto da citada normativa específica, resultará de aplicación o establecido neste Regulamento.

2. Non lles serán de aplicación ás Administracións públicas as obrigas en materia de auditorías contidas no capítulo V deste Regulamento.

A normativa específica prevista no apartado anterior deberá establecer os axeitados instrumentos de control para o efecto.

3. As referencias á negociación colectiva e aos acordos a que se refire o artigo 83, apartado 3, do Estatuto dos Traballadores, contidas neste Regulamento, entenderanse referidas, no caso das relacións de carácter administrativo ou estatutario do persoal ao servizo das Administracións públicas, aos acordos e pactos que se conclúan nos termos sinalados na Lei 7/1990, do 19 de xullo, sobre negociación colectiva e participación na determinación das condicións de traballo dos empregados públicos.

Disposición adicional quinta. *Validación de funcións.*

Quen, na data de publicación da Lei de Prevención de Riscos Laborais, viñese realizando as funcións sinaladas nos artigos 36 e 37 desta norma e non conte coa formación mínima prevista nos ditos preceptos, poderá continuar desempeñando tales funcións na empresa ou entidade en que a viñesen desenvolvendo, sempre que reúnan os requisitos seguintes:

a) Contar cunha experiencia non inferior a tres anos a partir de 1985, na realización das funcións sinaladas no artigo 36 desta norma, nunha empresa, institución ou nas Administracións públicas. No

caso das funcións establecidas no artigo 37, a experiencia requirida será dun ano cando posúan titulación universitaria ou de cinco anos en caso de carecer desta.

b) Acreditar unha formación específica en materia preventiva non inferior a 100 horas, computándose tanto a formación recibida como a impartida, cursada nalgún organismo público ou privado de recoñecido prestixio.

O establecido no parágrafo anterior non lle será de aplicación ao persoal sanitario, que continuará a rexerse pola súa normativa específica.

Disposición adicional sexta. *Recoñecementos médicos previos ao embarque dos traballadores do mar.*

No sector marítimo-pesqueiro seguirá en vigor o establecido, en materia de formación, información, educación e práctica dos recoñecementos médicos previos ao embarque, no Real Decreto 1414/1981, do 3 de xullo, polo que se reestructura o Instituto Social da Mariña.

Disposición adicional sétima. *Negociación colectiva.*

Na negociación colectiva ou mediante os acordos a que se refire o artigo 83, apartado 3, do Estatuto dos Traballadores, poderanse establecer criterios para a determinación dos medios persoais e materiais dos servizos de prevención propios, do número de traballadores designados, se é o caso, polo empresario para levaren a cabo actividades de prevención e do tempo e os medios de que dispoñan para o desempeño da súa actividade, en función do tamaño da empresa, dos riscos a que estean expostos os traballadores e da súa distribución na mesma, así como en materia de planificación da actividade preventiva e para a formación en materia preventiva dos traballadores e dos delegados de prevención.

Disposición adicional oitava. *Criterios de acreditación e autorización.*

A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo coñecerá os criterios adoptados polas Administracións laboral e sanitaria en relación coa acreditación das entidades especializadas para poder actuar como servizos de prevención e coa autorización das persoas físicas ou xurídicas que queiran desenvolver a actividade de auditoría, co fin de poder informar e formular propostas dirixidas a unha axeitada coordinación entre as Administracións.

Disposición adicional novena. *Disposicións supletorias en materia de procedementos administrativos.*

En materia de procedementos administrativos, en todo o non establecido expresamente nesta disposición, estarase conforme ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e no Real Decreto 1778/1994, do 5 de agosto, polo que se adecúan á dita Lei as normas reguladoras dos procedementos de outorgamento, modificación e extinción de autorizacións.

Disposición transitoria terceira. *Constitución de servicio de prevención propio.*

Sen prexuízo do mantemento daquelas actividades preventivas que se estivesen realizando na empresa na data de entrada en vigor desta disposición, os servicios de prevención propios que deban constituír as empresas de máis de 250 traballadores e ata 1.000 traballadores, de conformidade co disposto nos parágrafos a) e b) do artigo 14, deberán estar en funcionamento a máis tardar o 1 de xaneiro de 1999, agás nas empresas que realizan algunha das actividades incluídas no anexo I, que o farán o 1 de xaneiro de 1998.

Ata a data sinalada no parágrafo anterior, as actividades preventivas nas empresas citadas deberán ser concertadas cunha entidade especializada allea á empresa, agás aquelas que vaian sendo asumidas progresivamente pola empresa mediante a designación de traballadores, deica a súa plena integración no servicio de prevención que se constituía.

Disposición transitoria segunda. *Acreditación de Mutuas de Accidentes de Trabajo e Enfermidades Profesionais da Seguridade Social.*

Ás Mutuas de Accidentes de Trabajo e Enfermidades Profesionais que, ao abeiro da autorización contida na disposición transitoria segunda da Lei de Prevención de Riscos Laborais, desenvolvan as funcións correspondentes aos servicios de prevención en relación coas súas empresas asociadas, seralles de aplicación o establecido no artigos 23 a 27 desta norma en materia de acreditación e requisitos.

Disposición transitoria terceira. *Acreditación da formación.*

Mentres as autoridades competentes en materia educativa non determinen as titulacións académicas e

profesionais correspondentes á formación mínima sinalada nos artigos 36 e 37 desta norma, esta formación poderá ser acreditada sen efectos académicos a través da correspondente certificación expedida por unha entidade pública ou privada que teña capacidade para desenvolver actividades formativas nesta materia e conte con autorización da autoridade laboral competente.

A certificación acreditativa da formación expedirase logo de comprobación de que se cursase un programa co contido establecido nos anexos V ou VI desta disposición e se superase unha proba de avaliación sobre o dito programa, ou de que se conta cunha formación equivalente que fose legalmente esixida para o exercicio dunha actividade profesional.

Disposición transitoria cuarta. *Aplicación transitoria dos criterios de xestión da prevención de riscos laborais en hospitais e centros sanitarios públicos.*

Mentres se desenvolva o establecido na disposición adicional cuarta, "Aplicación ás Administracións públicas", a prevención de riscos laborais nos hospitais e centros sanitarios públicos seguirase a xestionar conforme aos criterios e procedementos ata o de agora vixentes, de xeito que queden garantidas as funcións de vixilancia e control da saúde dos traballadores e as demais actividades de prevención a que se refire este Regulamento. Para estes efectos, coordinaranse as actividades de medicina preventiva coas demais funcións relacionadas coa prevención co fin de conseguir unha actuación integrada ou interdisciplinaria.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste Real Decreto, e especificamente o Decreto 1036/1959, do 10 de xuño, sobre Servicios Médicos de Empresa, e a Orde do 21 de novembro de 1959, pola que se aproba o Regulamento dos Servicios Médicos de Empresa.

Este Real Decreto non afecta á vixencia das disposicións especiais sobre prevención de riscos profesionais nas explotacións mineiras, contidas no capítulo IV do Real Decreto 3255/1983, do 21 de decembro, polo que se aproba o Estatuto Mineiro, e nas súas normas de desenvolvemento, así como as do Real Decreto 2857/1978, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral para o Réxime da Minería, e o Real Decreto 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, e as súas disposicións complementarias.

Disposición final primeira. *Habilitación regulamentaria.*

Autorízase ao Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, logo de informe previo da Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación do establecido neste Real Decreto.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor.*

Este Real Decreto entrará en vigor aos dous meses da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*, agás o apartado 2 dos artigos 35, 36 e 37 do capítulo VI que o farán aos doce meses.

Madrid, 17 de xaneiro de 1997

XOÁN CARLOS I, R.

O Ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
Javier Arenas Bocanegra

ANEXO I

a) Traballos con exposición a radiacións ionizantes en zonas controladas segundo o Real Decreto 53/1992, do 24 de xaneiro, sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes.

b) Traballos con exposición a axentes tóxicos e moi tóxicos, e en particular a axentes canceríxenos, mutaxénicos ou tóxicos para a reprodución, de primeira e segunda categoría, segundo o Real Decreto 363/1995, do 10 de xaneiro, que aproba o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetado de substancias perigosas, así como o Real Decreto 1078/1993, do 2 de xullo, sobre clasificación, envasado e etiquetado de preparados perigosos e as normas de desenvolvemento e adaptación ao progreso de ambos.

c) Actividades en que interveñen produtos químicos de alto risco e son obxecto da aplicación do Real Decreto 886/1988, do 15 de xullo, e as súas modificacións, sobre prevención de accidentes maiores en determinadas actividades industriais.

d) Traballos con exposición a axentes biolóxicos dos grupos 3 e 4, segundo a Directiva 90/679/CEE e as súas modificacións, sobre protección dos traballadores contra os riscos relacionados a axentes biolóxicos durante o traballo.

e) Actividades de fabricación, manipulación e utilización de explosivos, incluídos os artigos pirotécnicos e outros obxectos ou instrumentos que conteñan explosivos.

f) Traballos propios de minería a ceo aberto e de interior, e sondaxes en superficie terrestre ou en plataformas mariñas.

g) Actividades en inmersión baixo a auga.

h) Actividades en obras de construción, escavación, movementos de terras e túneles, con risco de caída de altura ou sepultamento.

i) Actividades na industria siderúrxica e na construción naval.

l) Produción de gases comprimidos, licuados ou disoltos ou utilización significativa destes.

m) Traballos que produzan concentracións elevadas de po silíceo.

n) Traballos con riscos eléctricos en alta tensión.

ANEXO II

Notificación sobre concorrencia de condicións que non fan necesario recorrer á auditoría do sistema da prevención da empresa

Don/a....., en calidade de da empresa declara que cumpre as condicións establecidas no artigo 29 do Regulamento de Servicios de Prevención e, en consecuencia, achega canda esta declaración os datos que se especifican a seguir, para o seu rexistro e consideración pola autoridade laboral competente.

Datos da empresa:

| | |
|---|--|
| De nova creación <input type="checkbox"/> Xa existente <input type="checkbox"/> | NIF: |
| Nome ou razón social: | CIF: |
| Domicilio social: | Concello: |
| Provincia: Código postal: | Teléfono: |
| Actividade económica: | Entidade xestora ou colaboradora AT e EP: |
| Clase de centro de traballo (taller, oficina, almacén): | Número de traballadores: |
| Realizada a avaliación de riscos con data: | Superficie construída (m ²): |

Datos relativos á prevención de riscos:

| Riscos existentes | Actividade preventiva procedente |
|--------------------------|---|
| | |
| | |
| | |
| | |

(Lugar, data, sinatura e selo da empresa)

ANEXO III

Criterios xerais para o establecemento de proxectos e programas formativos, para o desempeño das funcións de nivel básico, medio e superior

As disciplinas preventivas que servirán de soporte técnico serán cando menos as relacionadas coa Medicina do Traballo, a Seguridade no Traballo, a Hixiene Industrial e a Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada.

O marco normativo en materia de prevención de riscos laborais abranguerá toda a lexislación xeral; internacional; comunitaria e española, así como a normativa derivada específica para a aplicación das técnicas preventivas, e a súa concreción e desenvolvemento nos convenios colectivos.

Os obxectivos formativos consistirán en adquirir os coñecementos técnicos necesarios para o desenvolvemento das funcións de cada nivel.

A formación debe ser integradora das distintas disciplinas preventivas que doten aos programas das características multidisciplinar e interdisciplinar.

Os proxectos formativos deseñaranse cos criterios e a singularidade de cada promotor, e deberán establecer os obxectivos xerais e específicos, os contidos, a articulación das materias, a metodoloxía concreta, as modalidades de avaliación, as recomendacións temporais e os soportes e recursos técnicos.

Os programas formativos, a proposta de cada promotor, e de acordo cos proxectos e deseño curriculares, establecerán unha concreción temporalizada de obxectivos e contidos, o seu desenvolvemento metodolóxico, as actividades didácticas e os criterios e parámetros de avaliación dos obxectivos formulados en cada programa.

ANEXO IV

A) Contido mínimo do programa de formación para o desempeño das funcións de nivel básico

I. *Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.*

- a) O traballo e a saúde: os riscos profesionais. Factores de risco.
- b) Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo.
- c) Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes básicos nesta materia.

Total horas: 10.

II. *Riscos xerais e a súa prevención.*

- a) Riscos ligados ás condicións de seguridade.
- b) Riscos ligados ao ambiente de traballo.
- c) A carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral.
- d) Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual.
- e) Planos de emerxencia e evacuación.
- f) O control de saúde dos traballadores.

Total horas: 25.

III. *Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade da empresa.*

Total horas: 5.

IV. *Elementos básicos de xestión da prevención de riscos.*

- a) Organismos públicos relacionados coa seguridade e saúde no traballo.
- b) Organización do traballo preventivo: "rutinas" básicas.
- c) Documentación: recollida, elaboración e arquivo.

Total horas: 5.

V. *Primeiros auxilios.*

Total horas: 5.

B) Contido mínimo do programa de formación, para o desempeño das funcións de nivel básico

I. Conceptos básicos sobre a seguridade e saúde no traballo.

- a) O traballo e a saúde: os riscos profesionais. Factores de risco.
- b) Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo.
- c) Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes básicos nesta materia.

Total horas: 7.

II. Riscos xerais e a súa prevención.

- a) Riscos ligados ás condicións de seguridade.
- b) Riscos ligados ao ambiente de traballo.
- c) A carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral.
- d) Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual.
- e) Planos de emerxencia e evacuación.
- f) O control da saúde dos traballadores.

Total: 12.

III. Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade da empresa.

Total horas: 5.

IV. Elementos básicos de xestión da prevención de riscos.

- a) Organismos públicos relacionados coa seguridade e saúde no traballo.
- b) Organización do traballo preventivo: "rutinas" básicas.
- c) Documentación: recollida, elaboración e arquivo.

Total horas: 4.

V. Primeiros auxilios.

Total horas: 2.

ANEXO V

Contido mínimo do programa de formación, para o desempeño das funcións de nivel intermedio

I. *Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.*

- a) O traballo e a saúde: os riscos profesionais.
 - b) Danos derivados do traballo. Accidentes e enfermidades debidos ao traballo: conceptos, dimensión do problema. Outras patoloxías derivadas do traballo.
 - c) Condicións de traballo, factores de risco e técnicas preventivas.
 - d) Marco normativo en materia de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes nesta materia.
- Total horas: 20.

II. *Metodoloxía da prevención I: Técnicas xerais de análise, avaliación e control dos riscos.*

1º. Riscos relacionados coas condicións de seguridade:

Técnicas de identificación, análise e avaliación dos riscos ligados a:

- a) Máquinas.
- b) Equipos, instalacións e ferramentas.
- c) Lugares e espazos de traballo.
- d) Manipulación, almacenamento e transporte.
- e) Electricidade.
- f) Incendios.
- g) Produtos químicos.
- h) Residuos tóxicos e perigosos.
- i) Inspeccións de seguridade e a investigación de accidentes.
- l) Medidas preventivas de eliminación e redución de riscos.

2º. Riscos relacionados co ambiente de traballo:

1ª. Axentes físicos.

- a) Ruído.
- b) Vibracións.
- c) Ambiente térmico.
- d) Radiacións ionizantes e non ionizantes.

e) Outros axentes físicos.

2ª. Axentes químicos.

3ª. Axentes biolóxicos.

4ª. Identificación, análise e avaliación xeral: metodoloxía de actuación. A enquisa hixiénica.

5ª. Medidas preventivas de eliminación e redución de riscos.

3º. Outros riscos:

a) Carga de traballo e fatiga: ergonomía.

b) Factores psicosociais e organizativos: análises e avaliación xeral.

c) Condicións ambientais: iluminación. Calidade de aire interior.

d) Concepción e deseño dos postos de traballo.

Total horas: 170.

III. Metodoloxía da prevención II: Técnicas específicas de seguimento e control dos riscos.

a) Protección colectiva.

b) Sinalización e información. Envasado e etiquetaxe de produtos químicos.

c) Normas e procedementos de traballo. Mantemento preventivo.

d) Protección individual.

e) Avaliación e controis de saúde dos traballadores.

f) Nocións básicas de estatísticas: índices de sinistralidade.

Total horas: 40.

IV. Metodoloxía da prevención III: Promoción da prevención.

a) Formación: análise de necesidades formativas. Técnicas de formación de adultos.

b) Técnicas de comunicación, motivación e negociación. Campañas preventivas.

Total horas: 20.

V. Organización e xestión da prevención.

1º. Recursos externos en materia de prevención de riscos laborais.

2º. Organización da prevención dentro da empresa:

a) Prevención integrada.

b) Modelos organizativos.

3º. Principios básicos de xestión da prevención:

- a) Obxectivos e prioridades.
- b) Asignación de responsabilidades.
- c) Plano de prevención.

4º. Documentación.

5º. Actuación en caso de emerxencia:

- a) Planos de emerxencia e evacuación.
- b) Primeiros auxilios.

Total horas: 50.

ANEXO VI

Contido mínimo do programa de formación, para o desempeño das funcións de nivel superior

O programa formativo de nivel superior constará de tres partes:

I. Obrigatoria e común, cun mínimo de 350 horas lectivas.

II. Especialización optativa, a elixir entre as seguintes opcións:

A) Seguridade no traballo.

B) Hixiene industrial.

C) Ergonomía e psicosocioloxía aplicada.

Cada unha delas terá unha duración mínima de 100 horas.

III. Realización dun traballo final ou de actividades preventivas nun centro de traballo acorde coa especialización pola que se optase, cunha duración mínima equivalente a 150 horas.

I. *Parte común.*

1. Fundamentos das técnicas de mellora das condicións de traballo.

a) Condicións de traballo e saúde.

b) Riscos.

c) Danos derivados do traballo.

d) Prevención e protección.

e) Bases estatísticas aplicadas á prevención.

Total: 20 horas.

2. Técnicas de prevención de riscos laborais.

1º. Seguridade no traballo:

a) Concepto e definición de seguridade: técnicas de seguridade.

b) Accidentes de traballo.

c) Investigación de accidentes como técnica preventiva.

d) Análise e avaliación xeral do risco de accidente.

e) Norma e sinalización en seguridade.

f) Protección colectiva e individual.

g) Análise estatística de accidentes.

h) Planos de emerxencia e autoprotección.

i) Análise, avaliación e control de riscos específicos: máquinas; equipos, instalacións e ferramentas;

lugares e espacios de traballo; manipulación, almacenamento e transporte; electricidade; incendios; produtos químicos.

l) Residuos tóxicos e perigosos.

m) Inspeccións de seguridade e investigación de accidentes.

n) Medidas preventivas de eliminación e redución de riscos.

Total horas: 70.

2°. Hixiene industrial:

a) Hixiene industrial. Conceptos e obxectivos.

b) Axentes químicos. Toxicoloxía laboral.

c) Axentes químicos. Avaliación da exposición.

d) Axentes químicos. Control da exposición: principios xerais; accións sobre o foco contaminante; accións sobre o medio de propagación. Ventilación; accións sobre o individuo: equipos de protección individual: clasificación.

e) Normativa legal específica.

f) Axentes físicos: características, efectos, avaliación e control: ruído, vibracións, ambiente térmico, radiacións non ionizantes, radiacións ionizantes.

g) Axentes biolóxicos. Efectos, avaliación e control.

Total horas: 70.

3°. Medicina do traballo:

a) Conceptos básicos, obxectivos e funcións.

b) Patoloxías de orixe laboral.

c) Vixilancia da saúde.

d) Promoción da saúde na empresa.

e) Epidemioloxía laboral e investigación epidemiolóxica.

f) Planificación e información sanitaria.

g) Socorrismo e primeiros auxilios.

Total horas: 20.

4°. Ergonomía e psicocioloxía aplicada:

a) Ergonomía: conceptos e obxectivos.

b) Condicións ambientais en ergonomía.

c) Concepción e deseño do posto de traballo.

d) Carga física de traballo.

- e) Carga mental de traballo.
- f) Factores de natureza psicosocial.
- g) Estructura da organización.
- h) Características da empresa, do posto e individuais.
- i) Estrés e outros problemas psicosociais.
- l) Consecuencias dos factores psicosociais nocivos e a súa avaliación.
- m) Intervención psicosocial.

Total horas: 40.

3. Outras actuacións en materia de prevención de riscos laborais.

1º. Formación:

- a) Análise de necesidades formativas.
- b) Planos e programas.
- c) Técnicas educativas.
- d) Seguimento e avaliación.

2º. Técnicas de comunicación, información e negociación:

- a) A comunicación en prevención, canais e tipos.
- b) Información. Condicións de eficacia.
- c) Técnicas de negociación.

Total horas: 30.

4. Xestión da prevención de riscos laborais.

- a) Aspectos xerais sobre administración e xestión empresarial.
- b) Planificación da prevención.
- c) Organización da prevención.
- d) Economía da prevención.
- e) Aplicación a sectores especiais: construción, industrias extractivas, transporte, pesca e agricultura.

Total horas: 40.

5. Técnicas afíns.

- a) Seguridade do produto e sistemas de xestión da calidade.
- b) Xestión ambiental.
- c) Seguridade industrial e prevención de riscos patrimoniais.
- d) Seguridade vial.

Total horas: 20.

6. Ámbito xurídico da prevención.

- a) Nocións de dereito do traballo.
- b) Sistema español da seguridade social.
- c) Lexislación básica de relacións laborais.
- d) Normativa sobre prevención de riscos laborais.
- e) Responsabilidades en materia preventiva.
- f) Organización da prevención no estado español.

Total horas: 40.

II. *Especialización optativa.*

A) Área de Seguridade no Traballo: deberase acreditar unha formación mínima de 100 horas, prioritariamente como profundación nos temas contidos no apartado 2.1º da parte común.

B) Área de Hixiene Industrial: deberase acreditar unha formación mínima de 100 horas, prioritariamente como profundación nos temas contidos no apartado 2.2º da parte común.

C) Área de Ergonomía e Psicosocioloxía aplicada: deberase acreditar unha formación mínima de 100 horas, prioritariamente como profundación nos temas contidos no apartado 2.4º da parte común.